



Muralla de Carmín Adormecido

Muralla de labios irreverentes
e de carmín adormecido.
Chuco escondido entre o vagalume de Lugo,
no adarve de seos encostados,
como lazos, arrombados de agarimo,
como ventres, arrolados e durmidos.

Muralla de loitas e acudillos,
se falaran as pedras
e os caldeiros garnidos;
se tocaran as gaitas,
as cítaras e as liras
as lelías mazmidas
e cantigas de amigo...

Trompetas de prata
de rumores velaíños.
Óboes tal campás
no vagariño da vida

Pedras irreverentas
de carmín adormecido

Xosé Otero Cano
Profesor do IES Lucus Augusti

